

tos, con contidos das materias troncais propias do título universitario oficial de diplomado en educación social, que figuran no anexo I do Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto.

Unha vez realizado o curso de nivelación, deberá superarse unha proba teórica e/ou práctica tendente a asegurar unha homoxeneidade na formación real dos titulados en educación social con respecto á dos diplomados en educación social.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto.*

Engádesse a seguinte disposición adicional ao Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto, polo que se establece o título universitario oficial de diplomado en educación social e as directrices xerais propias dos plans de estudos conducentes á obtención daquel:

«Disposición adicional única.

1. Os títulos en materia de educación social, expedidos polos centros que se indican no punto 2, e que fosen obtidos cumprindo os requisitos do punto 3, terán, do conformidade coa normativa vixente, os mesmos efectos profesionais que o título de diplomado en educación social establecido por este real decreto.

2. Centros:

Escola de Educadores Especializados «Flor de Mayo» de Cerdanyola del Vallès (Barcelona): técnico especialista en adaptación social.

Escola de Educadores Especializados, da Fundación Bartolomé de Carranza de Navarra, logo denominada Instituto de Formación Profesional Mixta/Instituto de Educación Secundaria, número 7: técnico especialista en adaptación social.

Escola de Educadores Especializados non Docentes de Valencia: técnico especialista en adaptación social.

Escola de Educadores Especializados en Marxinación Social de Galicia, en Santiago de Compostela: técnico especialista en adaptación social.

Escola de Educadores Especializados de Girona: educador especializado.

Escolas de pedagogía do tempo libre e animación socio-cultural, recoñecidas polo Instituto Catalán de Novas Profesións (INCANOP) da Xeneralidade de Cataluña: Pedagogía del Lleure i Animació Sociocultural.

3. Requisitos:

Estar en posesión dos requisitos previos para acceder á universidade.

Estar en posesión dun título de formación en educación social de tres anos completos de duración, obtido nalgún dos centros que se sinalan no punto anterior.

Ter iniciado os estudos en materia de educación social con anterioridade ao curso académico 1992-1993.

Que se trate de títulos expedidos a titulados que acrediten, polo menos, un ano de exercicio profesional nas tarefas propias da educación social.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.1.^a e 30.^a da Constitución e do artigo 36.2.a) da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Educación, Cultura e Deporte para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de xaneiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,

PILAR DEL CASTILLO VERA

ANEXO

Escolas de educadores sociais e títulos correspondentes

1. Escola de Educadores Especializados «Flor de Mayo» de Cerdanyola del Vallès (Barcelona): técnico especialista en adaptación social.

2. Escola de Educadores Especializados, da Fundación Bartolomé de Carranza de Navarra, logo denominada Instituto de Formación Profesional Mixta/Instituto de Educación Secundaria, número 7: técnico especialista en adaptación social.

3. Escola de Educadores Especializados non Docentes de Valencia: técnico especialista en adaptación social.

4. Escola de Educadores Especializados en Marxinación Social de Galicia, en Santiago de Compostela: técnico especialista en adaptación social.

5. Escola de Educadores Especializados en Girona: educador especializado.

6. Escolas de pedagogía do tempo libre e animación socio-cultural, recoñecidas polo Instituto Catalán de Novas Profesións (INCANOP) da Xeneralidade de Cataluña: Pedagogía del Lleure i Animació Sociocultural.

2652 *REAL DECRETO 169/2004, do 30 de xaneiro, polo que se establecen os requisitos para obter a equivalencia entre os estudos completos de danza anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os estudos superiores de danza regulados nela, e se establecen os complementos de formación para a obtención do título superior de danza. («BOE» 38, do 13-2-2004.)*

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, establece no seu artigo 40.3 os requisitos para acceder ao grao superior das ensinanzas de danza e, no seu artigo 40.4, a posibilidade de acceder ao grao superior destas ensinanzas sen cumprir os requisitos académicos establecidos, sempre que o aspirante demostre ter tanto os coñecementos e aptitudes propios do grao medio como as habilidades específicas necesarias para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

Así mesmo, a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, establece no seu artigo 42.3 o título superior de danza declarándoo equivalente para todos os efectos ao título de licenciado universitario e, na súa disposición adicional cuarta.7, prevé que o Goberno establecerá as equivalencias dos títulos afectados pola lei que non se encontran establecidas nela.

Por outra parte, a Comisión de Educación, Cultura e Deporte, do Congreso dos Deputados, na súa sesión do día 18 de febreiro de 2003, aprobou unha proposición non de lei pola que instaba o Goberno a promulgar un real decreto en que se fixen o procedemento e os requisitos para declarar a equivalencia dos estudos de danza anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, ao título superior de danza establecido naquela.

De conformidade co establecido no artigo 149.1.30.^a da Constitución española, a disposición adicional primeira.2.c) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, determina que lle corresponde ao Estado a regulación das condicións para a obtención, expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais válidos en todo o territorio español.

As ensinanzas oficiais de danza impartíronse, durante as últimas décadas, en conservatorios de música, en escolas de arte dramática, en escolas de arte dramática e danza e en conservatorios de danza.

As ensinanzas de danza, como todas as ensinanzas artísticas, víronse afectadas por unha problemática histórica singular, que tivo como consecuencia a súa situación marxinal no sistema educativo, a insuficiente atención legislativa, a pervivencia de sistemas formativos tradicionais e a súa orientación predominantemente profesionalizadora, chegando as súas secuelas practicamente ata os nosos días.

Os contidos das ensinanzas e os sucesivos plans de estudos reflicten estes condicionantes históricos. A Orde do 21 de xullo de 1941 estableceu unha ordenación das ensinanzas de danza na cal se fixaban en cinco o número de cursos que comprendería o ensino completo de bailes folclóricos e na cal as alumnas debían someterse a un exame de reválida ao seu remate. Estes estudos foron configurados segundo as orientacións propias daquela época. Por conseguinte, as ensinanzas de danza foron enriquecéndose académica e organizativamente, sobre todo as que, desde os anos 50, estaban integradas en centros públicos superiores, como a Escuela Superior de Arte Dramático y Danza de Madrid e o Instituto do Teatro de Barcelona, que desenvolveron áreas de especialización en danza española, danza clásica e danza contemporánea. Non obstante, a carencia de disposicións normativas favoreceu a aplicación de criterios académicos e administrativos moi heteroxéneos.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, integrou as ensinanzas de danza, así como as do resto das ensinanzas artísticas, no sistema educativo nela establecido.

Por outra parte, o Goberno, adaptando o previsto no artigo 40.4 e na disposición adicional cuarta.7 da dita lei orgánica á singular situación xerada pola problemática histórica dos estudos de danza, de acordo coa proposición non de lei citada anteriormente e en exercicio das facultades que lle outorga a lexislación vixente, culmina con este real decreto o proceso de adecuación do sistema anterior ao establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, completando a normativa dos reais decretos 986/1991, do 14 de xuño, polo que se aproba o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, 600/1999, do 16 de abril, polo que determinados documentos oficiais se declaran equivalentes ás titulacións a que se refire o artigo 39.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, do ordenación xeral do sistema educativo, para impartir as ensinanzas dos graos elemental e medio de danza establecidos na dita lei, e 706/2002, do 19 de xullo, polo que se regulan determinadas incorporacións ao grao superior das ensinanzas de música e as equivalencias, para efectos académicos, das ensinanzas de música, de canto e de danza dos plans de estudos que se extinguen cos correspondentes á nova ordenación do sistema educativo.

Este real decreto foi consultado coas comunidades autónomas e sometido a informe do Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, do acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xaneiro de 2004,

DISPÕÑO :

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto a declaración de equivalencia entre os estudos completos de danza anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os estudos superiores de danza establecidos nela, a favor daqueles que reúnan os requisitos establecidos neste real decreto, así como a regulación dos complementos de formación que deberán cursar os alumnos para obteren o título superior de danza establecido no artigo 42.3 da dita lei orgánica.

Artigo 2. *Requisitos.*

Os que superasen estudos oficiais completos de bailes folclóricos, danza española, ballet clásico e danza contemporánea anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, acreditados mediante certificacións expedidas por conservatorios de música e declamación, conservatorios de música, escolas de arte dramática, escolas de arte dramática e danza ou por conservatorios de danza e desexen obter a acreditación da súa equivalencia aos estudos superiores de danza establecidos na dita lei, para obteren o título superior de danza, deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título de bacharelato, de calquera outro título de bacharelato superior de plans anteriores ou, se é o caso, dos títulos de técnico superior de formación profesional, técnico superior de artes plásticas e deseño, diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou outros títulos declarados equivalentes aos anteriores.

b) Acreditar documentalmente unha experiencia de polo menos cinco anos no ámbito profesional docente en centros públicos, en centros privados non oficiais recoñecidos ou autorizados e en centros privados autorizados, ou no ámbito profesional artístico ou, se é o caso, entre os dous, ata o curso 2002-2003 inclusive, nas condicións que para o efecto estableza o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Artigo 3. *Complementos de formación.*

1. Os contidos da formación complementaria para a obtención do título superior de danza para os que reúnan os requisitos a que se refire o artigo 2 estruturaránse en dous módulos:

- a) Módulo de pedagogía da danza.
- b) Módulo de coreografía e técnicas de interpretación da danza.

2. Cada un dos módulos estará configurado por disciplinas correspondentes ás tres materias que se determinan neste artigo e que foron reguladas nos seus contidos e tempos lectivos polo Real decreto 1463/1999, do 17 de setembro, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo das ensinanzas do grao superior de danza e se regula a proba de acceso a estes estudos.

a) Constitúen o módulo de pedagogía da danza as seguintes materias:

- 1.^a Metodoloxía e didáctica da danza.

- 2.^a Pedagogía.
- 3.^a Psicoloxía evolutiva e da educación.

b) Constitúen o módulo de coreografía e técnicas de interpretación da danza as seguintes materias:

- 1.^a Linguaxe escénica e dramaturxia.
- 2.^a Coreografía.
- 3.^a Produción e xestión cultural.

3. Os alumnos elixirán un módulo de formación e deberán cursar, de cada materia, polo menos unha disciplina das que se oferten no conservatorio superior de danza en que se realice o dito módulo, ata completar un mínimo de 135 horas de formación. ao termo do curso outorgarase a cualificación de «apto» ou «non apto» en cada materia, segundo proceda.

4. Para a superación do módulo, cada alumno disporá dun máximo de catro convocatorias, correspondentes a dous cursos académicos. Considerarase que un alumno superou o módulo cando cumprise as horas mínimas de formación e aprobase todas as disciplinas elixidas e cursadas. A superación de calquera disciplina terá validez en seguintes convocatorias. A aprobación do módulo dará dereito á expedición do título superior de danza a que se refire o artigo 1.

5. As administracións educativas das comunidades autónomas poderán ditar as instrucións que sexan precisas para a organización das ensinanzas dos módulos de formación complementaria.

Artigo 4. *Calendario para a realización dos módulos de formación.*

Os módulos de formación complementaria poderán ser cursados nos sete anos seguintes á publicación, polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, da orde de desenvolvemento deste real decreto.

Artigo 5. *Comisión de valoración.*

O ministro de Educación, Cultura e Deporte nomeará unha comisión encargada de estudar e avaliar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos a que se refire o artigo 2.

Artigo 6. *Recoñecemento da equivalencia.*

Os que cumpran os requisitos mencionados no artigo 2 obterán do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte o recoñecemento da equivalencia dos seus estudos cos superiores de danza, para os únicos efectos de cursar os complementos de formación a que se refire o artigo 3 deste real decreto para obter o título superior de danza establecido no artigo 42.3 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, do ordenación xeral do sistema educativo, na especialidade correspondente.

Artigo 7. *Procedemento para o recoñecemento da equivalencia.*

Por orde do ministro de Educación, Cultura e Deporte establecerase o procedemento para o recoñecemento da equivalencia.

Artigo 8. *Procedemento de expedición de títulos.*

1. Para a expedición do título superior de danza é de aplicación o Real decreto 733/1995, do 5 de maio, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, do ordenación xeral do sistema educativo.

2. A denominación da especialidade que constará no título que obteñan os interesados será coincidente coa do módulo de formación complementaria realizado.

3. Os interesados poderán obter por este procedemento o título superior de danza exclusivamente por unha especialidade.

Disposición transitoria única. *Equivalencias en virtude de normas anteriores.*

Seguen vixentes nos seus propios termos as equivalencias dos estudos de danza anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, do ordenación xeral do sistema educativo, cos establecidos nela nos reais decretos 986/1991, do 14 de xuño, 600/1999, do 16 de abril, e 706/2002, do 19 de xullo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto, que se dita ao abeiro do previsto no artigo 149.1.1.^a e 149.1.30.^a da Constitución española e na disposición adicional primeira.2.c) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, é de aplicación en todo o Estado.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento.*

Correspóndelle ao ministro de Educación, Cultura e Deporte ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento do establecido neste real decreto, e aos órganos competentes das comunidades autónomas ditar as instrucións precisas para a execución do establecido nos artigos 3.5 e 8.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de xaneiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,

PILAR DEL CASTILLO VERA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

2654 *REAL DECRETO 219/2004, do 6 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1326/1995, do 28 de xullo, polo que se regula a etiquetaxe enerxética de frigoríficos, conxeladores e aparellos combinados electrodomésticos.* («BOE» 38, do 13-2-2004.)

A Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, establece no seu artigo 2.1 como dereitos básicos dos consumidores e usuarios a protección dos seus lexítimos intereses económicos, así como a información correcta sobre os diferentes servizos, para facilitar o coñecemento sobre o seu adecuado uso e aproveitamento.

O referido dereito á información dos consumidores e usuarios foi desenvolvido na nosa lexislación mediante diversas disposicións, entre outras, o Real decreto 1468/1988, do 2 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos industriais destinados á súa venda directa aos consumidores e usuarios.

Por outra parte, o Real decreto 124/1994, do 28 de xaneiro, polo que se regula a etiquetaxe e a información